

## ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: MOTRICIDADE XERAL  
UNIDADE: **PERCEPCIÓN ESPACIAL**  
TEMPORALIZACIÓN: **2-5ª semana de novembro**  
MATERIAL E INSTALACIÓNS: Cordas, pista polideportiva ,...  
ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, tríos, equipos, grupo clase.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º - 4º

OBXECTIVOS:

1. Interioriza-lo tempo individual. Ser capaz de adecua-lo tempo persoal ó do compañeiro.
2. Ser capaz de integra-lo noso tempo ó do grupo.
3. Controla-las respostas rítmicas e estímulos externos.

TÉCNICAS DE ENSINO: Descubrimento guiado. Busca.

### ANIMACIÓN:

- Por parellas cunha corda, poden xogar ó que queiran, pero individualmente.
- Saltar coa corda cara a diante, e ó sinal cara atrás.
- Por parellas e cunha soa corda, un dá á corda e saltan os dous á vez.

### PARTE PRINCIPAL:

1. Marcando un ritmo sinxelo co pito, os alumnos saltarán ó ritmo que se lles indique, sen variarlo.
2. Igual que no primeiro pero por parellas cunha corda e variando a velocidade.
3. “ CONVÍDOTE “: Por parellas, un cunha corda e outro en fronte. O que ten a corda salta e inicia un diálogo: ...A convídote B... B ¿ A que A ?... A un café . B ¿ A que hora A... ? A... Ás tres. Ó terceiro salto, B entrará a saltar co compañeiro sen rompe-lo ritmo de salto. Cando falle, cambio de rol.
4. Grupos de oito alumnos. Xogo da Comba. A iniciativa dos alumnos, elixímo-la canción que máis lles guste ( non é imprescindible ) das que coñecen e saltan. O que falle ocupará un extremo da corda, e o que estaba alí pasa a saltar. Cambiar de canción cando o ambiente decaia.
5. Equipos de oito. Por parellas, transportala o máis tensa posible. ( Relevos ).
6. Equipos de oito. Facer un nó unindo os extremos da corda. Cada membro da parella meterá un pe na corda e tratará de face-lo percorrido no menor tempo posible. A corda non pode ir por enriba do xeonllo.
7. Equipos de seis. Por tríos, suxeitan a corda e o outro salta por enriba, os que levan a corda. Irán avanzando cada vez que salte o compañeiro. Realizaranse os cambios oportunos para que todos salten.
8. Equipos de oito. Carreira de combas.
9. O reloxo con corda.

### VOLTA Á CALMA:

- Xogo de forza: **TIRAR DA CORDA**. A clase dividida en dous grupos, todos collidos da corda, uns tiran para un lado e os outros para o outro.

### OBSERVACIÓNS: